


# O GALEGO Correo

GALICIA, TERRA NOSA

Por María Soliña




Colomer con Villares (dereita); Tojo Blanco (arriba á esquerda) e Astray; Leonardo García (abaixo á esquerda) e Manuel Bao

CORREO

**Promoción da saúde.** O coidado do medio ambiente está relacionado de xeito proporcional ó estado da saúde, por iso, entre tantas centrais nucleares, buratos de ozono, cacerías indiscriminadas, queima e tala de bosques con fins lucrativos e outras barbaridades polo estilo, a iniciativa do Concello de Pontearreas para organizar unhas xornadas de medio ambiente é aplaudida e gabada como se nunha catedral se estivera. As conferencias deste plano, organizadas ademais pola Consellería de Política Territorial, que dirixe **Xosé Cuiña**, e a Federación Española de Municipios e Provincias, que preside **Francisco Vázquez**, están

*O coidado do medio ambiente e o seu estado en Galicia será analizado durante este mes e o vindeiro por especialistas. Os hosteleiros, pola súa banda, publicaron xa o seu boletín*



Peña Castiñeira

previstas para os vindeiros días 11, 18 e 25 deste mes e o 2 e 9 de decembro. Co fin de ir despexando as incógnitas dos males medioambientais de Galicia se sucederán as análises, que serán abertas pola ponencia do profesor **Francisco Xosé Peña Castiñeira**, quen falará sobre *O medioambiente e saúde: cidades saudables, un reto para o ano 2000*, que seguro que o concelleiro compostelá **Luis Toxo** non se perderá —é un dos seus temas preferidos e que

## Xosé Peña Castiñeira

*dirixirá as xornadas medioambientais de Pontearreas*